



## Modelo de autorización para o uso de imaxes polo centro educativo (actividades non docentes)

Autorización para o tratamento de imaxes de persoal docente para o curso escolar:	
Nome e apelidos do docente:	

Autorizo ao **IES NÚMERO 1 DE RIBEIRA** dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e de acordo coas condicións e termos indicados a continuación a realizar a captación e difusión de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc. (en diante, as imaxes) do asinante coa finalidade de promover as actividades realizadas dentro do marco do programa dos Polos Creativos.

A publicación das imaxes poderase realizar a través das seguintes canles ou medios de difusión da actividade<sup>1</sup> do centro:

	SI	NON
<b>Páxina web do centro</b> <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/iesnumero1ribeira/">https://www.edu.xunta.gal/centros/iesnumero1ribeira/</a>		
<b>Redes sociais: Instagram da biblioteca do centro</b> <a href="https://www.instagram.com/p/BiBv11FAK2J/?hl=es&amp;img_index=1">https://www.instagram.com/p/BiBv11FAK2J/?hl=es&amp;img_index=1</a>		
<b>Rede social: Instagram de Polos Creativos</b> <a href="https://www.instagram.com/polos.creativos.numero1/">https://www.instagram.com/polos.creativos.numero1/</a>		
<b>Rede social: Tiktok de Polos Creativos</b> <a href="https://www.tiktok.com/@polos.creativos.numero1">https://www.tiktok.com/@polos.creativos.numero1</a>		
<b>Documentos ou memorias de actividades, revista do centro, trípticos ou carteis ou montaxes multimedia de promoción de actividades.</b>		

<sup>1</sup>A difusión da imaxe a través de redes sociais e outras canles alleas á Consellería podería supoñer unha transferencia internacional de datos persoais a destinatarios establecidos fora do Espazo Económico Europeo en países que non fosen declarados de nivel adecuado de protección.

A presente autorización entenderase feita a título gratuíto e as imaxes serán conservadas durante o tempo necesario para a consecución das finalidades indicadas ou, no seu caso, en tanto as persoas interesadas non retiren o consentimento outorgado.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
<b>Responsable do tratamento</b>	Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
<b>Finalidades do tratamento</b>	Difusión e promoción das actividades indicadas organizadas polo centro <a href="#">IES NÚMERO 1 DE RIBEIRA</a>
<b>Lexitimación para o tratamento</b>	Consentimento outorgado polo/a interesado/a.
<b>Destinatarios dos datos</b>	As imaxes poderán ser publicadas, coa mesma finalidade, a través dos medios detallados anteriormente.
<b>Exercicio dos dereitos</b>	As persoas interesadas poderán solicitar ante o/a responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, así como retirar o consentimento outorgado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> . Tamén poderán retirar o consentimento outorgado presentando a súa solicitude ante o propio centro docente. A retirada do consentimento non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercitar estes dereitos por si mesmos.
<b>Contacto delegado/a protección de datos e información adicional</b>	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

-----, a ----- de ----- de 20----

Asdo.: O/A docente